



**CONCELLO DE POIO**  
**MC**

**N. Expediente** 4438/2023  
**F. Apertura** 11/12/2023  
**Serie documental** S0284 - Contratacións de subministración por procedemento aberto  
**Asunto** SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA DE VEHICULOS E MAQUINARIA ASI COMO PARA A CALEFACCIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS 2025  
**Trámite** Acta da Mesa de Contratación

Día: 03 de xuño de 2024.

Hora: 10:15 horas

Lugar: Salón de Sesións do Concello.

Acto: Apertura Sobre Único das ofertas presentadas no expediente.

Polo presidente ábrese a sesión e dáse conta do prazo de 15 días naturais para a presentación de proposicións, presentándose oferta por 1 empresa que se relaciona a seguir por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello:

1. Redarse, SL. Para o Lote 1.
2. Esergui Disteser, SL. Para o Lote 2 e 3.

De conformidade co establecido na Cláusula 2.2.7. do Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a contratación para a subministración de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria así como para a calefacción de edificios municipais procédese á apertura do Sobre único “Documentación administrativa e proposición económica” que contén a Declaración Responsable e oferta económica, segundo o modelo establecido como anexo no PCAP :

Licitador	Declaración Responsable segundo o modelo do PCAP.
1. Redarse, SL.	Si
2. Esergui Disteser, SL	Si

Á vista de que o licitador presentou a declaración responsable segundo o modelo establecido no PCAP a Mesa, de conformidade co establecido no artigo 326 da Lei



9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) por unanimidade, acorda admitir á licitación á única empresa

A continuación procédese á Lectura da oferta económica presentada polo Licitador:

Redarse, SL

Lote 1: Desconto de 0,045 .

Lote 2: Non presenta oferta

Lote 3: Non presenta oferta.

2. Esergui Disteser, SL

Lote 1: Non presenta oferta.

Lote 2: Desconto de 8%.

Lote 3: Deconto de 3,5%.

A continuación procédese a realizar valoración das ofertas segundo o establecido no PCAP co seguinte detalle:

	<b>LOTE 1 (Desconto por céntimos de euro por litro. Criterio de valoración )</b>	<b>Puntos</b>
Redarse, SL	0,045	10 puntos.
	<b>LOTE 2 (Desconto por céntimos de euro por litro. Criterio de valoración )</b>	<b>Puntos</b>
Esergui Disteser, SL	8%	8 puntos
	<b>Resto de criterios</b>	0 puntos
	<b>LOTE 2 (Desconto por céntimos de euro por litro. Criterio de valoración )</b>	<b>Puntos</b>
Esergui Disteser, SL	3,5%	8 puntos
	<b>Resto de criterios</b>	0 puntos

A continuación a Mesa de Contratación acorda:

- Realizar proposta de adjudicación a favor de Redarse, SL para o Lote 1 que obtivo unha puntuación de 10,00 puntos e ser a única empresa presentada.

- Requirir a empresa Redarse, SL mediante comunicación electrónica, para que de conformidade co artigo 159.4 LCSP e establecido no PCAP no prazo de 7 días hábiles desde a recepción da comunicación presente a seguinte documentación con indicación que:

- A Escritura de constitución da sociedade e Número de Identificación Fiscal da empresa e DNI do representante consta no expediente 3708/2018 (xestiona).



- Declaración de non estar incurso en prohibicións de contratar segundo o establecido ao artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se houbose comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2.
- Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias do estado, comunidade autónoma de Galicia e Seguridade Social debendo o servizo de contratación solicitar do ORAL de Pontevedra certificación de que dita empresa está ao corrente coas débedas con este Concello de Poio.
- Unha vez recibida dita documentación deberá ser verificada polos servizos técnicos de contratación coa finalidade de comprobar a acreditación documental do cumprimento de todos os requisitos de participación exixidos e remitirase ao Órgano de Contratación para a aprobación de todos os extremos adoptados pola Mesa de Contratación no presente expediente.
- Realizar proposta de adxudicación a favor de Esergui Disteser, SL para o Lote 2 e 3 que obtivo unha puntuación de 8,00 puntos e ser a única empresa presentada.
- Compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se houbose comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2.

Dáse por rematada a sesión redactándose a seguinte acta, da que eu, Secretaria dou fe.

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**  
**(Data de sinatura sen prexuízo da súa realización)**

